



CONCELLO  
DA LARACHA

# BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES

NADAL 2018

XXIII EDICIÓN

## PRIMEIRA –

É obxecto deste concurso estimular ás empresas e comerciantes do municipio a decorar os escaparates con motivos propios das datas do Nadal.

## SEGUNDA –

Poderán participar todos os/as empresarios/as que teñan escaparates de exterior en calquera das parroquias que compoñen o termo municipal.

## TERCEIRA –

Para tomar parte no concurso deberán presentar nas oficinas de rexistro do Concello a seguinte documentación:

\* a solicitude de inscrición

\* certificación bancaria do número de conta onde se fará efectivo o premio.

## CUARTA –

O prazo de inscrición remata o martes 18 de decembro do 2018.

## QUINTA –

Os escaparates participantes deberán permanecer adornados desde o martes 18 de decembro ata o sábado 6 de xaneiro. Nese prazo o escaparate non poderá ser modificado de forma algunha.

## SEXTA –

Tendo en conta as diferenzas existentes entre os produtos dos diferentes comercios valorarase o esforzo realizado en cada traballo, seguindo os criterios de valoración: creatividade, orixinalidade, iluminación e composición comercial. O escaparate permanecerá visible.

## SÉTIMA –

Establécense cinco premios, un por comercio, para os mellores escaparates do concurso:

1º Premio:	300€	2º Premio:	200€	3º Premio:	150€
4º Premio:	100€	5º Premio:	50€		

## OITAVA –

O xurado estará composto por membros que serán nomeados polo Departamento de Cultura e o Presidente/a da Asociación de Comercio da Laracha (ASCIL) ou persoa designada por este.

A decisión do xurado será secreta e inapelable.

**NOVENA –**

A valoración dos escaparates farase o xoves día 27 de decembro a partir das 18.00 horas.

**DÉCIMA –**

A listaxe de premiados publicarase na páxina web do Concello. Os participantes recibirán unha comunicación co importe do premio e a data na que poden pasar a recollelo.

**UNDÉCIMA –**

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

O Alcalde

José Manuel López Varela